

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE MARZO**

### **DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Carmen Tato Lago e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, dona Erundina Prado Arcay e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Proposta de modificación do Proxecto Arume**

Vista a proposta de Alcaldía de data 10 de marzo de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 24 do actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por catro votos a prol, acordou:

Aprobar a modificación do proxecto *ARUME*, eliminando a actuación *Parque multifuncional de Sigrás* e substituíndoa pola actuación *Dinamización do lugar de Sobreguexe*, cun orzamento de 143.947,97 €

### **2º Designación de representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2009-2010**

Vista a proposta de Alcaldía de data 10 de marzo de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 24 do actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por catro votos a prol, acordou:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2009-2010, ao concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes don Jaime Manuel López Lisnier.

Segundo: Comunicar a citada designación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para os efectos oportunos.

### **3º Mocións**

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**A) Proposta de Alcaldía respecto da revisión de tarifas do servizo urbano de transporte en auto-taxi do Concello de Cambre.**

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de marzo actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezaoitto votos a prol, acordou:

**Primeiro:** Informar favorablemente a revisión das tarifas de auto-taxis de Cambre para o ano 2009, cunha subida do 3 % sobre as tarifas actuais, obtendo os seguintes resultados, IVE do 7% incluído.

**Tarifa diúrna** (aplicable aos días laborais dende as 06:00 horas ata as 22:00 horas e os sábados dende as 06:00 ata as 16:00 horas).

- Baixada de bandeira	1,40 euros.
- Quilómetro percorrido	1,00 euros.
- Hora de espera	16,79 euros.
- Contía mínima	3,19 euros.

**Tarifa nocturna** (aplicable en días laborais dende as 22:00 horas ata as 06:00 horas, os sábados dende as 16:00 horas e os domingos e festivos as 24 horas).

- Baixada de bandeira	1,61 euros.
- Quilómetro percorrido	1,24 euros.
- Hora de espera	20,91 euros.
- Contía mínima	3,91 euros.

**Suplementos**

- Por servizos con saída ao aeroporto de Alvedro (inclúe ocupación do maleteiro).	3,40 euros
---	------------

Os días 24 e 31 de decembro de 2009, considéranse festivos para efectos tarifarios.

**Segundo:** Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do concello, co fin de que durante o prazo de dez días a contar dende o seguinte ao da publicación, poidan presentarse cantas alegacións se estimen oportunas, atopándose o expediente a disposición dos interesados, no andar primeiro do concello, servizo de auto-taxis.

**Terceiro:** No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de revisión das tarifas e remitirase o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, solicitando o correspondente informe favorable para a súa posterior aprobación pola Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Innovación e Industria.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o grupo municipal socialista quere presentar unha moción respecto da celebración do 30 aniversario das eleccións municipais do 3 de abril de 1979. Di que se trata dunha moción que o partido socialista ten intención de presentar en toda España con motivo de conmemorar as primeiras eleccións municipais da vixente etapa democrática. Trataríase de levar a cabo unha serie de actuacións como, por exemplo, unhas xornadas de portas abertas, actos en lembranza desas primeiras eleccións democráticas e incluso, no momento en que se poida facer, darlle a algunha rúa o nome de “3 de abril”.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que lle tería gustado ter a moción antes da celebración do pleno. Pensa que todos os grupos poderían achegar algo a esta moción, e que por respecto ao resto dos grupos habería que tela presentado antes, ao igual que fan eles, e o resto dos grupos da oposición, cando presentan algunha proposta. Di que el non tivo tempo nin sequera de ler a moción, polo que propón que unha solución sería ter un pleno extraordinario, sen cobrar ningún tipo de asistencias, no que se presentarían posibles alternativas dos demais grupos.

Don José Venancio Salcines Cristal acepta non presentar a moción neste momento.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**B) Moción do grupo municipal do PP para o impulso na redacción do Plan xeral**

Rexistrada de entrada ao núm. 3212 o día 21 de marzo de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“O Plan xeral de ordenación municipal é unha das principais prioridades que ten o noso concello durante a presente lexislatura. A inseguridade urbanística que están sufrindo os nosos veciños acadou cotas insoportables durante os últimos meses a consecuencia do Plan de vivenda.

Durante os últimos anos practicouse un modelo de urbanismo en Cambre que dilapidou a magnífica oportunidade que tiña O Temple para converterse no centro neurálxico da área metropolitana da Coruña. Como xa temos denunciado, o goberno local de Cambre asinou convenios urbanísticos con distintas promotoras urbanísticas que permitiron, por exemplo, a construción dun bloque de 350 vivendas onde as normas subsidiarias só consentían construír 75, ou outro que permitía a construción dun edificio de sete plantas pegado á ampliación do colexio do Graxal. As consecuencias desas malas prácticas urbanísticas están a padecelas agora os veciños da parroquia do Temple. O Graxal é unha urbanización onde aparcar é case imposible e onde os atascos en hora punta empeoran lamentablemente a calidade de vida dos seus habitantes. Os comercios da zona levan anos esixindo a construción dun aparcadoiro que permitira aos seus potenciais clientes parar na zona a comprar nos seus establecementos, pero a realidade é que o goberno de Cambre permitiu que se construíran tantos edificios que só queda unha parcela libre e temos que decidir se a destinamos á construción dun novo centro de saúde ou á construción dun aparcadoiro. Elixamos o que elixamos, os veciños de Cambre sairán perdendo.

Os continuos escapes de gas, as fugas de auga, os vertidos á ría ou o precario estado das nosas estradas e camiños son unha consecuencia, en gran medida, da falta dun plan xeral que prevea a mellora e ampliación dos existentes.

A aposta do Partido Popular de Cambre é a de forzar un cambio na política urbanística do noso concello, para dirixila cara a un modelo sostible e que prime a dotación de servizos e a mellora da calidade de vida dos veciños antes que a construción masiva de vivendas, como se fixo nas últimas décadas. Pero este modelo é totalmente inviable mentres as forzas políticas deste municipio non centren todas as súas enerxías en sacar un plan xeral que leva 11 anos paralizado.

Ante estes feitos, os concelleiros do partido popular propoñemos ao pleno de Cambre para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes acordos

Primeiro: Requerir ao goberno local para que realice as xestións oportunas para rescindir definitivamente o contrato para a redacción do plan xeral actualmente vixente.

Segundo: Instar ao equipo de goberno local a que inicie os trámites necesarios para a nova redacción do plan xeral no mesmo momento no que se acorde formalmente a rescisión do actual contrato.

Terceiro Requerir á futura empresa adxudicataria a que no prazo máximo de seis meses dende a contratación presente ante este concello a documentación necesaria para a aprobación inicial do plan xeral.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que nestes casos nunca saen as contas, non sabe a que actuación urbanística se refire o PP, pero gustaríalle saber onde se podían construír 75 vivendas, e se construíron 350. Lembra que as Normas subsidiarias vixentes veñen do ano 1986, foron revisadas no 1994, aprobadas en maio do 94, e aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo o 27 de setembro de 1994. Di que esas normas tiveron naquel entón o respaldo dos concelleiros do PP e do PSOE. Fóra diso non se fixo nada, e o que si ten que dicir en defensa dos técnicos, é que non se deu ningunha licenza en contra de ningún informe, nin técnico nin xurídico.

Continúa dicindo que respecto das propostas incluídas na moción, non hai problema no que se refire a que todos queren o plan xeral, pero do que si ten dúbidas é de que se poida facer en 6 meses.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que cando leron esta moción, concretamente os parágrafos que explican a análise da situación, entroulles unha verdadeira ilusión porque, datos incorrectos á parte, pensaron que o PP ía tomar a iniciativa para que se tomasen medidas, e para facer o que todos falan, pero que ao final, quen ten a responsabilidade de facelo non o fai, e os demais parecen que son incapaces de facerllo cumprir. Pero esa inicial ilusión quedou frustrada cando viron as cousas que se propoñen. Di que isto non é unha moción, non é tomar decisións, senón que o que se fan son rogos, é algo que no punto de rogos estaría ben, instar ao equipo de goberno a que faga unhas cousas e outras. Respecto do último punto, di que el non se atrevería a comprometerse a que nun prego de condicións para un contrato desta envergadura se lle puxera ás empresas que teñen que facelo en 6 meses, así o único que se conseguiría é que a contratación quedara deserta. Facer un plan xeral como o de Cambre, e presentar toda a documentación para a súa aprobación inicial nun prazo de 6 meses, pensa que é

francamente imposible. É suficiente ver os pregos técnicos cos que están a traballar noutros concellos, co conforme da Xunta, que non contemplan eses prazos por ningún sitio.

Conclúe dicindo que, aínda que coinciden cunha parte da análise, datos incorrectos á parte, o resto son rogos, non son unha moción, e por iso vanse abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que o seu grupo, en liñas xerais, coincide co fondo da moción e comparten a necesidade de contar en Cambre cun Plan xeral de ordenación municipal, como xa o teñen manifestado ao longo desta lexislatura e das anteriores. Pensa que é necesario corrixir a parálise urbanística e de progreso que ten o Concello de Cambre dende fai máis de 10 anos, e por iso van apoiar a moción, aínda que tamén consideran que respecto do prazo de 6 meses, teñen dúbidas de que haxa unha empresa que o poida cumprir, sobretudo se teñen en conta que hai un período de suxestións mínimo de 30 días, e que a propia corporación pode acordar prolongar ese prazo. Pensan que non vai dar tempo a facelo en 6 meses, pero o seu grupo está polo labor de que se faga o Plan de ordenación municipal e, por iso, van votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el tamén está de acordo coa presentación da moción. Ademais lembra que, respecto do prazo de 6 meses que a todos lles parece escaso, cando se contratou o anterior falábase de 20 meses, e van 11 anos, así que espera que poñendo agora un prazo de 6 meses, poidan ter o plan en 20.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que, en contestación á intervención do Sr. alcalde, que dixo que non lembraba o bloque de 350 vivendas, dille que el si que as recorda. Dille que hai unha parcela no Temple, dunha empresa construtora, cunha opción de compra, que negociou co concello construír 150 vivendas cun convenio urbanístico onde só se podían construír 75. Esa mesma empresa seguindo cunha opción de compra, sen ser propietaria do terreo aínda, firmou un novo convenio co Sr. alcalde segundo o cal se construírán 350 vivendas, onde antes ían ser 150, e antes 75, polo medio está o cuartel da Garda Civil. Pensa que con eses datos o Sr. alcalde lembrará de que convenios están a falar.

Continúa dicindo que el pode demostrar todo iso con documentos, xa que ten copias deses convenios, e que se hai algunha dúbida o ideal sería publicar os convenios, e que os veciños

poidan comprobar que isto existe. O Partido Popular de Cambre, dende hai bastante tempo, non fai unha soa comunicación pública sen ter documentos.

Conclúe dicindo que, respecto dos prazos, como dixo o Sr. Marante poden poñer 11 anos, poden seguir así, poden seguir sen que se faga nada. Eles puxeron 6 meses, se o correcto son 8, eles non teñen ningún problema en poñelo así, pero o que teñen é que dar un impulso a todo iso, teñen que romper coa desidia. É evidente que no goberno de Cambre hai desidia, hai pereza, hai abandono, e polo tanto algo hai que facer. Pódese considerar que o que fixeron son rogos, pero eles están dispostos a mellorar as súas mocións, o que queren é cambiar a forma de facer política, probablemente teñen que, dende a oposición, facer unidos algún outro tipo de accións. Eles están abertos.

O Sr. alcalde manifesta que el segue mantendo o que dixo, xa que os informes técnicos que el ten non din o mesmo que dixo o Sr. concelleiro do PP.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo agradécelle ao Sr. Cubeiro o que dixo, pero engade que a moción presentada é do PP. El xa dixo que nalgunhas das cuestións, datos incorrectos á parte, estaban de acordo na análise, e que o que lles pareceu frustrante foron as medidas que se propuxeron, porque no outro xa todos están de acordo. Todos eles aprobaron a rescisión do contrato coa empresa que o estivo facendo ata este momento, e estiveron de acordo en sacar unha nova contratación adiante. O único que el dixo foi o do 6 meses, porque ese prazo queda moi bonito para facer declaracións aos medios, ou para contentar aos seguidores, pero seguramente todos saben que é un prazo que é absolutamente imposible de cumprir.

Dille ao Sr. Cubeiro que poñan eles a súa moción, porque o BNG xa fai algo que pensan que é dabondo, que é non votar en contra, co cal é posible que esta moción saia aprobada. O seu grupo vaise abster e van permitir que saia aprobada.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que, sen querer entrar en polémicas, o PP ten as mocións dos demais grupos dende días antes, e ata agora sempre trataron de achegar cousas, eles non votaron en contra porque si, de feito votaron a prol de mocións do BNG que eran idénticas ás súas, porque teñen unha vontade construtiva. Reitárase no que dixo, se hai vontade de facer algo positivo, está aberto a todos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que agradece ao Sr. Cubeiro o interese que pon en que se vote a prol da moción, pero dille que, na parte dispositiva, os dous primeiros puntos



están xa aprobados, e eles non van votar en contra diso, e que o último punto parécelles que está fóra de lugar e que non se pode cumprir. O seu grupo vai manter a abstención e vai permitir que a moción saia aprobada. En todo caso quere reiterarlle o seu agradecemento polo interese que amosa en que se vote a prol da moción.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG.

A corporación, por dez votos a prol, acordou aprobar a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaoto concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**C) Moción do grupo municipal do PP sobre a reiterada perda de subvencións por parte do goberno local**

Rexistrada de entrada ao núm. 3211 o día 21 de marzo de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“Nos últimos meses os veciños de Cambre tiveron que ver como o equipo de goberno deste municipio se permitía perder centos de miles de euros asignados ao noso concello. No mes de xaneiro perdemos a subvención da Casa da Cultura valorada en 800.000 € Neste mes de marzo, aínda que xa se coñecía dende finais do ano pasado, perdemos a subvención para a ampliación da casa do concello, que acadaba os 600.000 €

A perda dun millón e medio de euros por parte dos responsables municipais non é máis que un síntoma da desidia coa que o goberno local está levando a cabo as súas funcións durante a presente lexislatura e non fai máis que demostrar que o proxecto socialista de Cambre está agotado e que neste momento os veciños de Cambre están sufrindo un goberno que xa non os representa. Estes feitos, por outro lado, deberían ter sido motivo suficiente para que algún dos membros deste goberno tivera asumido as súas responsabilidades.

Pero o máis lamentable desta situación é que estas dúas non foron as únicas subvencións que se perderon. No pasado mes de setembro todos os concellos da provincia, agás Cambre, participaron no concurso de subvencións da Deputación da Coruña chamado Plan de

cooperación cos concellos ao Plan da auga, polo que a Deputación subvencionaba a mellora da rede de saneamento e de subministración de auga potable. Esta subvención adxudícase por criterios de poboación polo que Cambre tiña asegurados 427.000 € para estes conceptos, con só presentar a solicitude e xustificar as obras. Non obstante o goberno de Cambre nin sequera chegou a presentar a solicitude das axudas, aínda cando máis dun millón de euros do Fondo Estatal de Inversión Local para Cambre irán a parar a este tipo de obras, polo que é evidente a necesidade que ten o noso concello.

O mesmo sucedeu coas subvencións nominativas da Deputación, que foron solicitadas e adxudicadas á práctica totalidade dos municipios e organismos públicos da nosa provincia, coa significada excepción do Concello de Cambre que novamente deixou de cumprir coas súas obrigas. Os veciños de Cambre perderon nos últimos meses case 2 millóns de euros a consecuencia da incapacidade do goberno local para cumprir coas súas obrigas máis elementais e para xestionar só catro subvencións.

Nas últimas semanas aprobouse tamén o POS para Cambre, polo que o noso concello recibirá da Deputación 427.000 € ademais doutros 200.000 euros das axudas destinadas a facturas pendentes de pago a provedores.

Ante estes feitos, os concelleiros do Partido Popular propoñemos ao pleno de Cambre para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes acordos

Primeiro: Esixir ao alcalde que faga asumir aos membros do seu goberno as responsabilidades que lles corresponden polo dano que lles causaron aos veciños de Cambre.

Segundo: Instar ao equipo de goberno local a que destine a axuda de 200 mil euros correspondentes ao capítulo de facturas pendentes de pago, principalmente ao pago dos provedores de Cambre.

Terceiro: Esixir ao goberno local que adopte as medidas que entenda necesarias para evitar a perda de máis subvencións.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que, neste momento, o que o Concello de Cambre deixou de percibir foi a subvención da Deputación do 2008, pero esa subvención pasa ao 2009 e 2010, é dicir, eses 800.000 euros vanse aprobar por Deputación, posiblemente en maio, destinando 400.000 euros ao 2009 e 400.000 euros ao 2010. Respecto do proxecto de

arranxar a casa do concello houbo un problema con Patrimonio, que o 14 de xaneiro rexeitou o proxecto por estar dentro da zona BIC da igrexa. Desta situación deron traslado á Deputación e teñen a palabra do presidente de que a cantidade concedida pasarase a incluír neste ano.

Respecto da subvención da Xunta di que había un acordo co anterior conselleiro sobre a necesidade de ampliar a casa do concello, así como un compromiso verbal de que se podería revisar e facer un plan novo no 2009. Sinala que se o Partido Popular, agora no goberno, segue tendo esa inquedanza e entende que é necesario, pensa que non pasará nada se o retoman, e el estaría agradecido de que colaboraran co concello nese sentido.

Continúa dicindo que quere insistir en que o diñeiro da Casa da Cultura non se perdeu, incluírase no 2009. Neste momento aínda existen problemas con Patrimonio respecto do proxecto da casa do concello.

No tema do Plan de cooperación di que el coñece o plan que saíu para concellos de menos de 20.000 habitantes, pero non sabe doutro. Salienta que rara vez poden dicir que o concello teña perdido subvencións, ao mellor algunha por problemas de xestión. Di que no POS está o proxecto aprobado, trátase da Travesía do cemiterio, e conclúe dicindo que o que se di na moción non garda relación co que hai realmente.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que xa se imaxinaba que ía dicir que a subvención do Plan de colaboración cos concellos non se perdeu. Di que Cambre perde 400.000 m<sup>3</sup> de auga cada ano, iso represéntalles aos veciños de Cambre pagar 300.000 euros polas fugas da rede de auga potable, polo tanto, é certo que esa subvención podería pedirse no ano 2009, pero tamén é verdade que non tela pedido un ano antes, e ter acometido as obras un ano antes, cóstalle aos veciños de Cambre 300.000 euros. Pode verse como se queira, ou ben se perde a subvención de 427.000 euros, ou ben os veciños de Cambre están perdendo 300.000 euros por non acometer unhas obras un ano antes.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que quere precisar que respecto da afirmación de que se perden 400.000 m<sup>3</sup>, e tendo en conta que o m<sup>3</sup> está a 0,27 euros, a cantidade resultante non é a que di o concelleiro do PP.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que neste caso pásalles un pouco como coa moción anterior, pero aínda peor. Cando comenzaron a lela pensaron que por fin alguén ía tomar decisións e poñer sobre a mesa todo o necesario para corrixir determinadas situacións, pero ao final atópanse con algo que é unha auténtica pena. Están practicamente de acordo co diagnóstico, porque pode haber miles de desculpas, que se Patrimonio, que se un técnico estaba de baixa, etc., di que xa coñecen esas historias, pero pensaban que despois de toda a análise e diagnóstico, cando se chegase ao final, o PP, cos seus sete concelleiros, ía ter a valentía política de tomar unha decisión. O que se encontraron foi que, ao final, se lle pide ao Sr. alcalde que faga asumir aos membros do seu goberno as responsabilidades que lles correspondan polos danos que lles causaron aos veciños de Cambre. Segue dicindo a moción que se esixe ao goberno local que adopte as medidas que entenda necesarias para evitar a perda de máis subvencións. Pregunta que queren dicir con iso.

Neste punto o voceiro do BNG solicita ao Sr. alcalde que, ante o que considera unha falta de atención por parte dos concelleiros do PP aos que se está dirixindo, e por unha cuestión de orde, adopte as medidas pertinentes para que se respecte a orde no salón de sesións. Manifesta que xa no pleno pasado os concelleiros do seu grupo tiveron que tomar unha decisión ante a situación que se produciu, e pregúntase se van ter que volver a tomala, porque están no salón de plenos do concello e son representantes electos do pobo de Cambre, e teñen dereito a que se lles respecte no uso da palabra. Pídelle ao Sr. alcalde que manteña o dereito que teñen a manifestar a súa postura.

O Sr. alcalde solicita aos concelleiros do PP que se manteñan en silencio durante as intervencións.

Retoma a palabra o Sr. Iglesias Oviedo para dicir que quedaron moi decepcionados coa moción. Dille ao Sr. Cubeiro que o PP é a segunda forza do concello, e supón que con intencións de ser a primeira, e pensa que chegou xa o momento de que actúen con valentía, e que deixen a covardía e demagoxia para outros momentos que xa pasaron. Pídelles que adopten decisións. Di que ao seu grupo lle estrañou moito, despois de ler toda a moción, que non apareza a palabra dimisión por ningún sitio, nin se anuncien iniciativas como pode ser a posibilidade dunha moción de censura. Sinala que están de acordo en que están ante un goberno ineficaz, inepto, que non é capaz de sacar as cousas adiante, un goberno que o único que fai é dar desculpa tras desculpa de todas as cousas que non saen, pero que por iso o PP, como forza maioritaria da oposición, debería asumir a súa responsabilidade, e pola

contra o que veñen a propoñer é esixir ao Sr. alcalde que lle faga asumir aos membros do seu equipo as súas responsabilidades, eles non saben que queren dicir con iso.

O Sr. alcalde avisa ao público asistente de que a próxima vez que alguén volva levantar a voz, verase na obriga de facelo abandonar o salón de sesións.

Continúa dicindo o voceiro do BNG que non sabe se é porque o PP está vendo un horizonte ilusionante, e que ante iso sentiu algo de vertixe, porque lles pasou ao revés do que lles pasa aos pilotos nas carreiras, os concelleiros do PP non é que se pasaran de frenada, senón que teñen tanto medo que se quedaron moi curtos e, se cadra, todos os que veñen por detrás lles van a pasar por diante. Pensa que o que teñen que facer é tomar unha decisión xa, asumir que son a primeira forza da oposición do concello, e tentar convencer aos demais grupos de que os apoien para dar un cambio político. Di que iso é o que teñen que facer, porque o demais é fume, e a xente, incluso os que son os seus amigos, vanse dar conta de que o único que pretenden é manter ese goberno inepto durante dous anos para beneficiarse diso, é dicir, que as cousas vaian mal para que a eles lles vaia ben. Pensa que se están equivocando, porque aínda que non conseguiran sacar adiante a moción de censura ou non conseguiran dimisións, o que si darían sería unha demostración de valentía política, algo que non logran coas propostas que fan.

Conclúe dicindo que o BNG está de acordo no diagnóstico e na análise que se fai na moción, e en moitas máis cousas que non se din, pero parécelles unha tomadura de pelo as propostas que se fan e, por iso, non van a votar en contra, pero vanse abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o que se di nesta moción é algo evidente. Os responsables do goberno teñen que cumprir as funcións para as cales foron elixidos, nin máis nin menos, para iso asumiron a responsabilidade de gobernar o pobo de Cambre.

Di que respecto do segundo punto, onde se pide que se destinen 200.000 euros para pagar a provedores, pensa que, evidentemente, haberá que destinar esa cantidade ou calquera outra que faga falta. Os provedores e construtores que traballen no concello teñen que cobrar o estipulado, non hai que dicir cifras.

Conclúe dicindo que no terceiro punto están totalmente de acordo, pero que, en todo caso, vanse abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que pensa que esta moción nace da forma de traballar do equipo de goberno, as cousas fanse como se fan, e despois sempre teñen que andar con desculpas dun ano para outro, creando unha situación deplorable.

Por outra parte, di que a importancia que lle hai que dar aos plenos e aos veciños de Cambre pasa porque, polo menos, o equipo de goberno, que cobra uns bos soldos, acudan aos plenos. Parécelle lamentable que de sete concelleiros só estean presentes catro, cando ademais se trata dun pleno ordinario, non de algo imprevisto.

Conclúe dicindo que vai apoiar a moción porque se atopa totalmente defraudado co equipo de goberno.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez dille ao Sr. alcalde que a Casa da Cultura é unha promesa de fai 12 anos, e ano tras ano, sobre todo cando é época electoral, o alcalde fala do mesmo tema. Non pode dicir agora que agarda que o goberno do PP na Xunta manteña as promesas. Di que hai que ser serio e que con esas cousas non se pode bromear. Os proxectos leva tempo facelos, e hai funcionarios en Cambre que están perdendo o tempo en desenvolver proxectos para que despois non se leven adiante, e ter que volver a empezar. Di que nos distintos organismos públicos, cando chega o alcalde de Cambre, xa saben que vai a falar do que xa falou o ano pasado e os anteriores.

Segue dicindo que, respecto da intervención do Sr. Taibo, quere aclararlle que o punto segundo da moción inclúese porque a Deputación da Coruña vai aprobar mañá un plan de axudas aos concellos para que teñan liquidez, para que poidan pagar facturas. Por iso a eles lles gustaría que a Xunta de Voceiros decida uns criterios para aplicar eses 200.000 euros aos provedores que máis o necesitan. Di que cando el fala de enriquecer as propostas, estase referindo a isto. El non fala de que se paguen só 200.000 euros de facturas, senón de que se destine esa subvención integramente a pagar aos provedores, se é posible de Cambre, os que estean máis necesitados e máis apurados, as facturas máis atrasadas.

Con respecto ao BNG dille que quen gañou as eleccións municipais en Cambre foi o PSdeG-PSOE, aínda que só fose por corenta votos, fan as cousas rematadamente mal, é verdade, e non respectan nin sequera ao pleno porque sempre falta alguén, non o toman en serio. Di que seguramente teñan que falar os demais grupos, e que se a moción serve, polo menos, para que os demais grupos falen, parécelle que xa é algo. Están todos de acordo en que o grupo gobernante é inepto, nin hai equipo nin hai goberno. Están de acordo en que o

alcalde debería dimitir, e antes de dimitir el, facer dimitir aos seus compañeiros. E dille que eles non teñen ningunha vertixe porque, afortunadamente, os membros do PP están acostumados a facer cousas importantes. E respecto da mención que fixo o voceiro do BNG ás carreiras, dicirlle que el foi campión de Galicia de motocross e, polo tanto, tamén está acostumado a iso.

Toma a palabra o Sr. alcalde para desculpar a ausencia dos concelleiros socialistas por asuntos familiares varios. Di que os outros grupos están no seu dereito de criticar a xestión do equipo de goberno, pero que neste caso as ausencias están xustificadas por temas graves.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG), votan en contra os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e abstéñense os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por oito votos a prol, aprobou a moción tal e como foi presentada.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

#### **D) Moción do grupo municipal do BNG en apoio ao funcionamento da Galescola de Cambre**

Rexistrada de entrada ao núm. 3206 o día 21 de marzo de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“Estes últimos días teñen saído publicadas denuncias dun suposto mal funcionamento da Galescola de Cambre. Estas denuncias proviñan, ao parecer, de familias usuarias da Galescola e insistían na falta de atención aos nenos e no mal estado de determinadas instalacións. A reacción non tardou en se producir e foron a inmensa maioría das familias xunto co cadro de persoal e directivo da escola quen desmentiron de maneira firme esas acusacións e declararon a súa satisfacción co funcionamento, tanto pedagóxico como asistencial, da escola infantil de Cambre.

Estas acusacións insidiosas non obedecen máis que a unha campaña de desprestixio do sistema de prestacións sociais públicas e de calidade impulsado polo Goberno Galego coa colaboración municipal nestes anos. Máis aló de debates nominalistas, está demostrado que

a calidade na atención, o proxecto pedagóxico, a transparencia no sistema de obtención de prazas e a capacidade técnica do persoal, conseguiron desde o primeiro momento unha alta cualificación por parte das familias.

A posición nacionalista a prol do Sistema Galego de Benestar é ben coñecida, pero esta posición teórica ou programática veuse corroborada na práctica polo bo funcionamento e resposta social de centros como a Galescola de Cambre, que desde o principio contou co apoio e colaboración das familias usuarias.

Así mesmo, o Concello de Cambre, principal impulsor desta escola e coparticipe no seu funcionamento, quere amosar tamén a súa satisfacción polo éxito da Galescola e recoñecer o labor social e educativo que está a realizar. Precisamente a demanda crecente de prazas é o que nos ten levado a acordar e conveniar a creación dunha segunda escola infantil pública (Galescola) no Temple. Compromiso acadado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar que queremos manter na nova etapa de Goberno da Xunta que se abre agora.

Por estes motivos, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, propón para o seu debate e aprobación en pleno, os seguintes acordos:

Primeiro: Expresar a satisfacción do concello co funcionamento da Galescola de Cambre e solidarizarse co persoal técnico e directivo diante das informacións acusadoras publicadas. Ratificándose na súa consideración do bo traballo profesional realizado polo persoal da Galescola.

Segundo: Manifestar a súa intención de manter a colaboración e implicación no funcionamento da Galescola, tal como se veu facendo desde a súa inauguración.

Terceiro: Renovar o compromiso municipal de optar por un sistema público de atención á infancia, insistindo en que se execute o compromiso acadado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para a construción da segunda Galescola de Cambre, na parroquia do Temple. Para o que este pleno xa ten aprobada a cesión de uso dos terreos municipais necesarios.

Cuarto: Dar conta e trasladar estes acordos aos seguintes estamentos:

- Dirección e representantes do persoal da Galescola de Cambre



- Asociación de Pais e Nais de Alumnos da Galescola de Cambre
- Xerencia do Consorcio de Igualdade e Benestar
- Presidente en funcións da Xunta de Galicia
- Vicepresidente en funcións da Xunta de Galicia
- D. Alberto Núñez Feijoo, futuro presidente da Xunta de Galicia”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo apoia totalmente esta moción. Di que consideran que foi todo un acerto ter unha galescola en Cambre, e xunto co BNG pelexaron para conseguir unha segunda galescola na zona do Temple. Pensan que foi unha victoria acadar ese compromiso.

En canto ás denuncias que apareceron no xornal, quere sinalar que inmediatamente moitos pais se puxeron en contacto coa concelleira de Asuntos Sociais e con outros compañeiros do concello, para amosar a súa disconformidade coa denuncia, incluso houbo unha reunión de pais nese mesmo sentido. Dende o seu grupo non ven ningunha queixa sobre o traballo da galescola, séntense orgullosos. Di que entenden que os pais están contentos e satisfeitos, e mentres iso sexa así, o equipo socialista tamén o está.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo vai votar en contra da moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo subscribe a moción.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que tamén vai votar a prol da moción.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os sete concelleiros do PP.

A corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

**E) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre a creación de emprego no concello**

Rexistrada de entrada ao núm. 3207 o día 21 de marzo de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“O problema do paro en España resulta un dos asuntos máis importantes no conxunto do Estado. Os datos máis recentes sitúannos en 3.481.849 de persoas sen traballo a principios do mes de febreiro do presente ano, e un millón non perciben ningún tipo de prestación económica.

Cada persoa sen traballo é un drama humano difícil de comprender para quen non o viva directamente. Pero non pretende o grupo propoñente responsabilizar a ninguén da situación do desemprego no noso país (aínda que un elevado nivel de responsabilidade poderíase designar con nomes e apelidos de persoas, partidos e grupos de presión que inflúen na política económica e, por conseguinte no mercado de traballo). Pero resulta evidente que o conxunto dos grupos políticos representados no concello non pode permanecer pasivo e alleo a un problema que afecta aos seus cidadáns tan intensamente. Resulta suficiente con citar un dato: a comezo do ano 2008 o total de parados en Cambre ascendía a 1.208 persoas, na mesma data do ano 2009 a cifra é de 1.514, é dicir, un 25,33% máis que o pasado ano (segundo estatísticas do INEM), sobre todo entre os mozos e persoas de idade avanzada con difícil inserción laboral.

Certamente as posibilidades reais de modificar sensiblemente esta situación cos medios económicos dispoñibles nun concello de mediano tamaño como Cambre, resultan escasas e escapan ao control da decisión dunha entidade local. Pero iso non xustifica adoptar unha política de pechar os ollos diante dunha realidade na que todos/as, representantes e representados, vivimos inmersos. Máis isto non supón renunciar a propoñer e esixir un compromiso máis radical do noso concello coa solución da problemática das persoas desempregadas.

Existen ao noso xuízo unha serie de posibles liñas de actuación, que dan corpo á presente proposta para afrontar o problema do paro en Cambre. Algunhas delas pasan por unha xestión e un compromiso serio e solidario cos veciños/as afectados por esta eiva social, renunciando, aínda que sexa só temporalmente, a prebendas que todos/as viñamos gozando.

E, sobre todo, colocar a loita contra o desemprego como obxectivo prioritario ao longo do presente ano 2009.

Tamén existen outro tipo de medidas, que ben poderían contribuír a paliar a eiva do paro no concello, como é manter o criterio sobre as obras e proxectos do Fondo Estatal de Investimento Local, para que se enmarquen dentro das posibilidades de actuación, das pequenas e medianas empresas e dos traballadores/as do concello, de maneira que a riqueza en xeral e a creación de emprego que reporten, tendan a quedarse en Cambre.

O noso grupo tamén aposta pola supresión ou recortes das actividades puramente suntuarias, que carecen de incidencia real na mellora das condicións de vida dos veciños/as de Cambre, que en moitos casos son simplemente tracas publicitarias para lucimento persoal.

Polo exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O pleno municipal de Cambre declara como un obxectivo básico e prioritario da súa actuación político-administrativa para o presente ano, a mellora do problema do desemprego no concello.

Segundo: Que nos proxectos dos Fondos de Investimento Local que se realicen no noso termo municipal xeren a contratación de traballadores/as desempregados que residan preferentemente no noso concello, e tamén na medida do posible, se aplique o mesmo criterio para as empresas do concello, co fin de contribuír á reactivación económica local.

Terceiro: Que nos orzamentos do ano 2009 se destine unha partida orzamentaria non inferior ao 3% do seu total, á parte dos fondos que poidan achegarse de subvencións ou axudas procedentes doutros organismos públicos, para as seguintes actuacións.

- a) Potenciación da Axencia de Desenvolvemento Local do concello, dotándoa dos medios necesarios para levar adiante o seu labor e profundizar nel.
- b) Contratación eventual de traballadores/as, ben a tempo total ou parcial, para desenvolver traballos de utilidade común.
- c) Reducir ao mínimo imprescindible as horas extras e gratificacións, co fin de traballar menos horas, para que poidan traballar máis persoas.

d) Demais medidas que poidan contribuír a reducir o paro no concello e a reactivar a economía local.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo ven de modo positivo a moción presentada por EU-IU. A única cousa que queren matizar, como xa fixeron noutra ocasión, refírese ao punto terceiro das propostas, cando fala de destinar ás actuacións previstas unha partida non inferior ao 3% do orzamento, á parte dos fondos que poidan achegarse de subvencións ou axudas procedentes doutros organismos públicos. Entende que con iso EU-IU estaba pensando exclusivamente no FEIL, co obxectivo de que ese fondo non fose incluído dentro desa partida. Di que o grupo de goberno estaría de acordo coa moción presentada, se dese 3% proposto se exclúe unicamente o FEIL, e se permite incluír no seu cómputo os importes doutras subvencións ou axudas procedentes doutros organismos públicos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que cando o seu grupo preparou esta moción, xa entendía que o FEIL quedaba á marxe dos orzamentos. Eles estimaron unha cifra antes de ter o borrador dos orzamentos, e posiblemente, dado o pouco diñeiro que hai, se excederan un pouco, pero tamén quere salientar que o problema do paro tamén é un problema de solidariedade e, por conseguinte, precisa de actuacións preferentes. A situación de Cambre respecto de anos anteriores cambiou, e tamén cre que hai que cambiar as políticas sociais, sobre todo as de emprego. Di que todos ven no que se está convertindo o emprego, a todos lles chegan persoas que teñen verdadeiras dificultades para chegar a fin de mes, os datos falan por si mesmos e poñen en evidencia a situación de desemprego que existe en Cambre, en toda a comarca, e no conxunto do Estado. Di que pensa que hai que facer un esforzo investidor e non pechar os ollos ante as necesidades. É necesario reducir partidas como a de gastos protocolarios ou, por exemplo, reducir outras cousas como as ceas e comidas, os paquetes de navidade, etc., e dedicar ese diñeiro a outras cousas.

Conclúe dicindo que, en todo caso, acepta a proposta do Sr. Salcines para aprobar a moción porque considera que é un paso adiante para os parados do Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que están de acordo en que, para moitas familias, é un gran problema e un drama a situación que se está a vivir. Di que niso non hai dúbida, pero no que eles discrepan é na forma de combater o paro. Di que consideran que hai outras medidas para combatelo, por exemplo, unha delas é que as empresas situadas en Cambre teñan licenza de actividade, xa

o dixeron en varias ocasións, hai máis de 260 empresas en Cambre sen licenza de actividade que nalgúns casos marchan. Pode que nalgúns casos haxa incumprimento da empresa, pero noutros casos é por incumprimento do concello, polo tanto, acadando que as empresas de Cambre non se teñan que marchar, xa estarían loitando contra o paro.

Di que o PP, dende hai algún tempo, está a falar dun plan para dinamizar a economía de Cambre, e para iso é necesario o Inventario de bens municipais. Di que eles queren facer unha exención de impostos a empresas que se establezan en Cambre, e que na zona da Barcala hai unha cantidade importante de metros cadrados de baixos que se poderían ceder ou negociar da forma máis adecuada para que se instalen novas empresas, pero para iso necesítase o Inventario de bens municipais. Di que non saben a razón pola que non se lles quere dicir que propiedades ten o Concello de Cambre, parécelles que non tería que ser tan difícil dicir que baixos hai, de que terreos dispoñen, etc. Sinala que o PP de Cambre entende que o paro tamén se combate doutras maneiras, e que, dende logo, o emprego xérase nas empresas e non contratando xente no concello, porque saben que iso vai custar cartos.

Conclúe dicindo que o seu grupo non pode votar en contra da moción, pero que habería que facer outras cousas, non só esta.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo subscribe a moción presentada por EU-IU e van a votar a prol, pero que respecto do que teñen algunhas dúbidas é sobre a capacidade do goberno municipal para poder levar a cabo as recomendacións que se piden na moción, pero, en todo caso, están de acordo coa moción, parécelles oportuna e van votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el tamén vai votar a prol.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal sinala que quere deixar aclarados algúns puntos, porque cando alguén fala da desidia do equipo de goberno, eles teñen que escoitar o que lles din, pero que non existe tal desidia. Di que o Concello de Cambre ten en temas de emprego un plan de investimentos locais que agardan que chegue a xerar 220 empregos. A taxa de paro en Cambre, en xaneiro de 2007, era do 5,60, en 2008 era do 5,28 e este ano é do 6,37. Segundo as informacións que se ofrecen parece ser que España pode chegar a ter unha taxa de paro do 20%. Di que en Cambre o paro, evidentemente subiu, pero que afortunadamente non se achegan aos niveis doutras zonas de España.

Continúa dicindo que, por desgraza, Cambre ten 300 habitantes máis no paro que fai un ano, e para loitar contra iso elaboraron unha serie de medidas. En primeiro lugar teñen a sorte de que o goberno socialista teña presentado o Fondo Estatal de Investimento Local, que pode chegar a xerar, e tamén a manter que é o importante, un volume de emprego de 220 empregados. Teñen tamén en marcha un obradoiro de emprego que podería dar traballo a 40 persoas. Tamén hai solicitados mediante subvencións 45 traballadores para o concello que suporían 1.150.000 euros, que dependerá do novo goberno da Xunta. Todo isto sen olvidar os cursos de formación en marcha.

Sinala que o PP alude reiteradamente ao tema das licenzas de actividade das empresas en Cambre, e proponlle aos concelleiros populares que presenten unha moción na que insten ao goberno municipal a contratar unha asistencia técnica para poder poñer ao día esas licenzas. Dille que son un goberno en minoría, e os grupos da oposición, unha e outra vez impiden que se amplíe o cadro de persoal, e dese xeito é imposible que se poña ao día un departamento que está formado por 3 enxeñeiros, dos cales dous estiveron de baixa. Pídelles que insten ao goberno municipal a que reforce o departamento e eles estarán plenamente dispostos a facelo.

Continúa dicindo que respecto da cesión de baixos ás empresas, xa hai dous anos que se puxeron en contacto coa cámara de comercio, e tiveron unha reunión co seu director xeral, unha reunión á que invitaron ao Sr. Cubeiro como presidente dos empresarios do polígono industrial de Espírito Santo, para valorar a posibilidade de introducir en Cambre un viveiro de empresas, e rexeitaron esa idea porque os poucos locais que había estaban vacíos. Dille ao Sr. Cubeiro que está no seu dereito de pedir as cousas, como xa fixo o outro día co tema dos locais, solicitoullelos persoalmente e tamén a través dos medios, e eles contestaron que si, pero ten que darlles tempo para que o fagan.

Conclúe dicindo que dende o Concello de Cambre estase a traballar duro e moito, con toda a súa capacidade, para mellorar o emprego, saben que non é suficiente, pero dende logo non están parados.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, manifesta que lle parece que se están indo do tema, pero que de todo o que dixo o Sr. Salcines hai unha cousa que lle impactou, dicir que teñen sorte de ter o goberno do Sr. Zapatero, iso evidentemente non o pode compartir, en realidade pensa que é todo o contrario. O que si invita ao Sr. Salcines é a que diga que horario ten el, o Sr. Varela Tejedor e o Sr. López Lisnier, para que así a xente vexa realmente a súa dedicación. Dille que confunden ter media dedicación con

dedicarse a medias, e queredría que explicasen como atenden ao seu traballo e á xente cando polas tardes non hai funcionarios.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, manifesta que en relación co que dixo o concelleiro do PP quere dicir que esta moción fai mención ás empresas do concello, e de tratar de que as obras do Fondo de Investimento Local as poidan levar as empresas do concello. Recoñece que na moción pode que se fale máis da palabra traballadores que da palabra empresarios, pero quere deixar claro que nesta lexislatura o seu grupo xa ten presentado, con esta, dúas mocións relativas á creación de emprego, porque é algo que lles preocupa, e apostaron decididamente pola creación de emprego no concello, e invita ao PP a que presente as mocións que estime oportunas nesa dirección, porque el, sen dúbida, vai aprobalas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación incluída polo voceiro do PSdeG-PSOE, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: O pleno municipal de Cambre declara como un obxectivo básico e prioritario da súa actuación político-administrativa para o presente ano, a mellora do problema do desemprego no concello.

Segundo: Que nos proxectos dos Fondos de Investimento Local que se realicen no noso termo municipal xeneren a contratación de traballadores/as desempregados que residan preferentemente no noso concello, e tamén na medida do posible, se aplique o mesmo criterio para as empresas do concello, co fin de contribuír á reactivación económica local.

Terceiro: Que nos orzamentos do ano 2009 se destine unha partida orzamentaria non inferior ao 3% do seu total, incluíndo as subvencións ou axudas procedentes doutros organismos públicos, excepto a subvención do FEIL, para as seguintes actuacións.

- a) Potenciación da Axencia de Desenvolvemento Local do concello, dotándoa dos medios necesarios para levar adiante o seu labor e profundizar nel.

- b) Contratación eventual de traballadores/as, ben a tempo total ou parcial, para desenvolver traballos de utilidade común.
- c) Reducir ao mínimo imprescindible as horas extras e gratificacións, co fin de traballar menos horas, para que poidan traballar máis persoas.
- d) Demais medidas que poidan contribuír a reducir o paro no concello e a reactivar a economía local.

#### **4º Informes de Alcaldía**

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Do escrito procedente do Ministerio de Defensa en relación co acordo adoptado polo pleno da corporación relativo ao accidente da fragata “Extremadura”, no que informan que o seu esclarecemento e a determinación das responsabilidades que se deriven del, é competencia exclusiva dos órganos xudiciais militares, que actúan conforme aos principios de independencia e suxeición á lei.
- Do escrito procedente da Comisión Europea no que se agradece a remisión do acordo adoptado polo pleno da corporación relativo á moción sobre a Xornada mundial polo traballo decente, e se fai referencia a unha serie de medidas adoptadas.
- Do escrito procedente da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia na que se comunica a recepción da certificación do acordo plenario relativo á moción presentada polo BNG en condena da agresión sionista a Palestina, e comunican que dende a Secretaría Xeral se deu traslado ao conselleiro de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.
- Do escrito procedente da Comisión de Heráldica, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na que se comunica a publicación no Diario Oficial de Galicia da aprobación do escudo e bandeira do Concello de Cambre.

#### **5º Rogos e preguntas**

O Sr. alcalde informa de que todos os temas relativos á Concellería de Medio Ambiente, Obras e Servizos serán contestados por escrito.

#### **Rogos do PP presentados por escrito**



Rexistrados de entrada ao núm. 3210 o día 21 de marzo actual.

1º Rogamos ao equipo de goberno nos informe de cando está previsto finalizar as obras de ampliación do colexio do Graxal e de en que estado se atopa a adquisición dos terreos para a construción dun novo colexio no noso municipio.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro da área de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que as obras están iniciándose, os técnicos informan de que van a un bo ritmo. Nas conversas que tiveron coa empresa dixéronlles que tratarían por todos os medios de que en setembro estivera listo. Tiñan o problema de facer en dous meses a conexión dos dous centros, e a reforma na planta baixa do centro vello, porque son dous meses e medio o que teñen sen nenos. Incluso se comprometeron a que se facían falta un par de aulas que procurarían telas listas na zona nova para poder iniciar o curso.

Con respecto aos terreos para a construción dun novo colexio di que o arquitecto municipal está iniciando os expedientes para a expropiación dos terreos, e determinando a propiedade de todos os terreos, xa que había algún deles que non se sabía de quen era.

2º O acceso ao paseo do río Mero, na urbanización da Barcala atópase curtado dende a construción da escola infantil, sen que se teña previsto a adaptación dun novo que sexa totalmente accesible para persoas maiores e persoas con discapacidade. Rogamos ao equipo de goberno que nos informe dos motivos polos que se curtou o acceso e non se dotou á urbanización dun novo.

Contestará a concelleira responsable por escrito.

3º Rogamos ao equipo de goberno que nos informe do número de parados residentes en Cambre, da taxa de poboación activa do municipio e do número de empresas asentadas no concello, durante os anos 2007, 2008 e 2009.

Don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, fai entrega da información por escrito aos demais voceiros dos grupos municipais.

### **Rogos do BNG presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 3254 o día 23 de marzo actual, xunto coas preguntas.

1º A punto de abrirse o prazo de solicitude de prazas nos colexios públicos é previsible que un ano máis no CEIP de Cambre se volvan rexeitar admisións de alumnos por ser superior a demanda que a oferta de prazas. Tamén, no caso de non se tomar medidas, por segundo ano consecutivo as prazas de comedor para os alumnos admitidos non serán suficientes. Lembramos que o presente curso, a pesares dos compromisos adquiridos, un importante número de nenos quedaron sen praza de comedor.

Instamos ao goberno local a que se tomen as medidas negociadoras coa administración educativa en funcións e coa nova que tomará posesión para solucionar con tempo suficiente este problema.

Instamos, así mesmo a que se acometan as reformas necesarias para aumentar a capacidade do comedor escolar e que ningunha familia que o solicite quede sen praza.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro da área de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que lle pasou a todos os grupos o número de solicitudes que había nos colexios a día 24 de marzo. No Graxal había 31 solicitudes sobre 50, no Portofaro 32, no Wenceslao 50, Sigrás 14, en Brexo 8, Cecebre 10, en Pravio 1, en Sta. Mª de Vigo 2, e en Bribes 3 pendentes de confirmar. Segundo eses datos o sitio onde pode haber problemas é no CEIP Wenceslao, aínda que hai algunhas solicitudes que por cercanía poden corresponder a unha unitaria, e unha ou dous do Portofaro. Na unitaria de Cecebre solicitaron 10 cando parece ser que hai prazas para 8, habería que ver a posibilidade de escolarizar eses alumnos noutro centro, ou ben, ampliar aí outra unidade.

Con respecto ás prazas de comedor di que levan dende o ano pasado tentando solucionar o problema. Dende a Xunta aínda non deran unha contestación e agora, co cambio de goberno, non sabe que pasará. O que si dicían era que o problema de ampliación de comedores era moi complicado. Agora terán que seguir tratando este tema a partir de abril.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que eles saben que a competencia para adoptar eses servizos non é municipal, senón da Consellería de Educación, saben tamén que vai haber un cambio de administración, e por iso lle din ao goberno municipal que como responsables da defensa dos intereses dos veciños, deben encamiñar xa os acordos co goberno que está en funcións, para que a nova administración xa se poida encontrar con algo sobre o que decidir, antes de que remate o curso e se volvan encontrar co problema o ano que vén.

Continúa dicindo que neste caso preguntaron só polo colexio de Cambre porque eran conscientes de que era onde se ía dar o problema, porque aínda que pode haber algún atraso na ampliación do Graxal, supoñen que comezado o curso poderán verse solucionados os problemas que poida haber de escolarización nesa parroquia.

Di que o tema do comedor é importante, que o ano pasado quedaron máis de 40 nenos fóra de servizo. É un tema fundamental para moitas familias, cáusalles verdadeiros transtornos. Saben que polo espazo co que conta o colexio é algo difícil, pero hai posibilidades. En todo caso, o que non entenden é que noutros colexios sexa posible duplicar as quendas e que no colexio de Cambre non se poida facer. Contéstanlles que é porque o servizo depende directamente da Consellería, pero dependa de quen dependa se noutros sitios se puido facer, no colexio de Cambre tamén se poderá. Tampouco faría falta duplicar toda a quenda, e que sexan o dobre de asistentes. O ano pasado foron 40 ou 50 nenos, non son os máis de 200 que comen na primeira quenda.

Pide que se faga o posible e sinala que hai unha aula ao carón do comedor que cunha pequena reforma se podería incorporar e posiblemente puideran coller os nenos. Sinala que esa si é unha cuestión na que se pode comprometer o goberno municipal, investir un pouco de diñeiro nunha mínima reforma para ampliar o comedor.

Conclúe dicindo que todo este tema o que lles vén a demostrar, unha vez máis, é a necesidade de axilizar a adquisición dos terreos para o novo colexio, porque vai chegar un momento en que sexa imposible solucionar nada. Saben que a competencia non é municipal no tema das prazas, pero si se poden facer cousas, e iso é o que están pedindo que fagan os responsables municipais, para non chegar ao próximo curso na mesma situación que o ano pasado.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que, en relación co comedor, fai unha ou dúas semanas estivo no colexio Wenceslao a unidade técnica e chegaron a conclusión de que non era posible a ampliación. A dirección do colexio tamén informou de que os pais non están de acordo en que esa aula pequena á que fixo referencia o Sr. Iglesias, que na actualidade se destina a xogos e actividades de infantil, se utilice para ampliar o comedor, o consello escolar tamén se nega. Por parte do concello non habería problema en facer esa obra ao mesmo tempo que se vai facer a ampliación doutra aula máis, pero é unha decisión que debe tomar o consello escolar.

Respecto da posibilidade dunha quenda dobre, dende a Consellería poñen moitas pegas porque non se trata dun cátering, dicían que se fora un catering que non habería tantos problemas. En todo caso, niso estaban a traballar, agora co novo goberno seguirán traballando no tema. Por parte do concello estanse a poñer todos os medios, se ben é certo que son limitados.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 3207 o día 21 de marzo actual, xunto coas mocións e as preguntas.

1º No pasado pleno do mes de xaneiro o noso grupo municipal presentaba unha moción relativa á dotación de infraestruturas para os veciños/as da parroquia de Cela (aprobada por unanimidade). Recentemente os medios de comunicación informaban sobre unha xuntanza entre representantes veciñais e o Sr. alcalde, sobre a adquisición de terreos na parroquia que segundo manifestacións do máximo responsable da corporación trátase de terreos propiedade da Fundación Tenreiro.

O grupo municipal de EU-IU prega á Alcaldía se nos informe das xestións realizadas e das actuacións relacionadas coa finalidade que se pretende.

O Sr. alcalde contesta que son dous temas. Un trátase dun terreo que hai fronte ao lavadoiro, pero é inviable porque a propietaria quería a cambio que se lle recualificara un terreo en Bribes, e dado que o Plan xeral non está aprobado, iso non se pode facer. E outro tema foi que mantivo unha reunión co presidente da asociación de veciños de Cela para explicarlle que dende o concello lles parecía que o terreo pertencente á Fundación Tenreiro, que está no centro de Cela, era válido para o que pretenden. O problema é que ese terreo está hoxe en día dentro dun solo urbanizable, e neste momento non se podería facer nada nel. Xa no seu día se tiña feito unha oferta á Fundación, por uns 43.000 euros, cre recordar, e logo como os servizos técnicos municipais non autorizaban a facer nada, pararon ese tema. O presidente da asociación quedou de falar do tema coa directiva.

Conclúe o Sr. alcalde dicindo que nos orzamentos deste ano vaise incluír unha partida similar á ofertada, para poder acceder a eses terreos. Se durante este tempo encontran algún outro que reúna unhas condicións mellores irían a por el. En todo caso, a situación dese terreo da Fundación está ben, o único problema é que ata que se aproben as normas e se poña como equipamento non se vai poder facer nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que pensa que os veciños de Cela estarían satisfeitos se, polo menos, adquiren eses terreos, porque se ben en principio non se podería obrar alí, si se podería instalar algunha cousa, ou incluso celebrar a festa que tanto desexan. En todo caso, trátase dunha decisión que os propios veciños deben adoptar, pero el apostaría por esa opción.

2º Pode explicarnos o goberno local en que consisten as medidas e cales son os criterios empregados no Plan de acción municipal de aforro enerxético, e canto está previsto aforrar no gasto en enerxía.

O Sr. alcalde responde que lles entregou a todos os voceiros dos grupos municipais un informe que lle deu o enxeñeiro técnico municipal para responder a este tema.

3º Na Comisión Informativa de Obras e Servizos do mes de xaneiro, solicitaba o noso grupo se adoptaran medidas para garantir a circulación e seguridade dos peóns que circulan preto dunha obra en construción na rúa Tapia. Se ben é certo que se corrixiu a deficiencia instalando unha pasarela, o valado de madeira que delimita do aparcadoiro, atópase destrozado na maior parte, o que supón un novo perigo.

O noso grupo prega se leve a cabo, no menor tempo posible, a súa modificación e reparación.

O Sr. alcalde contesta que xa están en contacto coa empresa, e que se esta se demora, encargárase aos operarios municipais.

### **Rogos do GM (PG) presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 3213 o día 21 de marzo actual.

1º Despois de producírense continuos accidentes coas instalacións do gas cidade no noso concello, rogo se informe das medidas adoptadas polo goberno municipal para evitar que se sigan producindo estes feitos.

O Sr. alcalde responde que xa lles entregou o informe do que pasou o outro día, e pode dicir que se abriu un expediente sancionador porque a empresa non tiña autorización, e tamén se comunicou á Garda Civil. Esperan que coas sancións se poida chegar a algo, xa que o

concello non pode controlar a unha empresas que fixeron un traballo sen autorización. Di que é verdade que se actuou ben, pero puido ter pasado unha desgraza.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que el pensa que iso non é suficiente, que hai que ser un pouco máis serio. Hai tempo que se comezou a falar deste tema, sobre todo a raíz de que comezaran a producirse accidentes na zona do Temple, e falábase de facer unha serie de protocolos de actuación para tratar de evitar eses problemas. O Sr. alcalde fala de que estaban sen licenza, el non o sabe, non sabe se é que o edificio tampouco tiña licenza, porque nun pleno pasado el xa lle preguntou cando se poñían os carteis identificativos nas obras, e o Sr. alcalde contestou que no momento en que se lles daba a licenza. Agora preguntalles se é que non tiña licenza o edificio ou só o da escavadora, porque o cartel, hai uns días, seguía sen poñer. Parécelle que non se preocupan das cousas ata que pasa algo. Son situacións moi duras, están dando avisos do que pode pasar, pero parece que están agardando a que pase unha desgraza para despois actuar.

2º Logo de saber que o I.P.C. interanual oficial é moi inferior ao previsto polo goberno municipal, rogo se informe se teñen pensado revisar os incrementos dos prezos aprobados para o ano 2009 en distintas ordenanzas, por exemplo a subministración de auga un 8%.

Don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que, aínda que unha porcentaxe do 8% parece moi elevada, o certo é que cando se analiza canto supón en euros, cre lembrar que supón 1 euro ao mes nunha familia tipo de dous ou tres persoas. En todo caso, o que teñen que preguntarse é se queren que a xente de Cambre pague a auga no recibo, ou se queren que a paguen no recibo e máis con impostos. Di que está claro que se non cobran o custo da auga habería que pagala con impostos, e ata o día de hoxe en Cambre o prezo da auga é máis caro do que se está a cobrar por ela. Pensan que é necesario igualar o custo da auga cos ingresos que se obteñen por ela.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que o Sr. Salcines fala moi fácil dun euro, pero o certo é que, na situación tan difícil que as familias están pasando, o seu salario só sube un 1 ou un 2%, iso se o suben porque noutros casos queda conxelado, e resulta que aquí sube a auga un 8%. Iso afecta a todos os petos dos veciños de Cambre, porque é un euro aquí, e outro euro alá, pero iso non lle preocupa ao Sr. Salcines, non ten en conta o IPC.

Continúa dicindo que nunha moción do PP das que se trataron nesta sesión, falábase dunha subvención que se podería aplicar a problemas como as roturas da tubaxe, e non se

solicitou, en Cambre son os veciños os que pagan. Cousa similar pasa cos problemas do gas, unha empresa rompe unha tubaxe e non se lle cobra nada por iso, pagan os veciños. O problema non é que non cheguen os cartos, o problema é que hai que xestionar, e se o equipo de goberno non mira polos petos dos veciños de Cambre, e non teñen ningún interese neles, vai ser necesario que no pleno seguinte falen dos petos dos concelleiros, para ver se iso si lles interesa.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que os veciños de Cambre que non poidan pagar a auga, a teñen gratis, así está recollido na ordenanza, e foi algo no que todos estiveron de acordo. Todas as persoas que non teñan capacidade económica para pagar a auga, téñena gratis.

Por outra parte quere deixar claro que os veciños teñen que pagar a auga, xa sexa a través dos recibos, xa sexa cos impostos. Se o que se cobra pola auga non chega para cubrir o gasto, o que se recada cos impostos municipais vai ter que ir para aí, e non vai a ir para outras necesidades que tamén son importantísimas.

Tamén quere deixar claro que o nivel de perda de auga de Cambre é un nivel normal, non é maior nin menor que noutros municipios, non é ningún caos, nin ningunha situación crítica. Aínda así di que van a realizar un investimento dun millón de euros en mellorar a rede.

Don Manuel Marante Gómez di que, en todo caso, mantén a súa intención de que no próximo pleno se fale do que cobran os concelleiros.

3º Rogo se informe para cando ten pensado o goberno municipal rematar as obras da praza Manuel Murguía na parroquia do Temple.

Contestará a concelleira responsable por escrito.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3209 o día 21 de marzo actual.

1ª Como afectará ao futuro Plan xeral de Cambre a pegada sonora do aeroporto de Alvedro?

O Sr. alcalde responde que polo que saben de Aviación Civil, en principio a zona afectada atópase na marxe esquerda da rúa Tapia, é dicir, subindo cara a San Pedro, á marxe esquerda. A pegada sonora ten incidencia sobre solos rústicos, non permite reclasificar solos, onde son solos urbanos, como é o caso do Graxal non afecta, pero si vai afectar aos terreos que están ao outro lado da nacional, porque eses son solo rústico. Esta é a razón pola que antes de aprobar o Plan xeral haberá que envialo a Aviación Civil para que informe.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que o da Tapia xa o imaxinaban porque o viron no xornal cando falaba de Oleiros, pero o que pregunta é se dende o Concello de Cambre se fixo algunha xestión, porque os avións tamén entran pola outra cabeceira e sobrevoan Cambre.

O Sr. alcalde responde que fai máis de 20 días que teñen pedido que lles manden un plano sobre como queda afectado Cambre, e mañá comprobará se xa se recibiu.

2ª Nas últimas semanas produciuse o enésimo escape de gas no noso municipio e novamente se produciu unha situación de emerxencia. En que estado se atopa a redación do Plan de emerxencias municipal?

O Sr. alcalde di que xa lles deu unha copia do informe elaborado por Protección Civil. Di que se está elaborando o estudo, presentouse o outro día e vanse modificar algúns pequenos apartados, e agarda que durante este mes de abril quede totalmente rematado. Cando así sexa entregárase unha copia a todos os grupos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que eles xa preguntaron en varias ocasións sobre este tema sen que houbera resposta, e di que lles sorprende que agora xa estea a punto de rematarse.

O Sr. alcalde sinala que xa estaba en marcha, tiñan un contrato cunha empresa, e o pasado luns reuníronse no concello.

3ª O noso concello está sendo investigado pola Fiscalía, xunto con outros municipios da comarca, a consecuencia dos vertidos realizados á ría do Burgo. O Partido Popular de Cambre denunciou hai varios meses que parte dos vertidos que acababan na ría realizábanse no río Mero e nos seus afluentes. Así mesmo, o concello comprometeuse a renovar parte da rede de saneamento do Temple para evitar os vertidos nos días de choiva,



sen que ata o momento teñan comezado as obras. Coñece o goberno local o número de vertidos que se realizan nos ríos que pasan por Cambre? En que estado se atopan as obras de acondicionamento do saneamento no Temple?

O Sr. alcalde contesta que ata agora non teñen recibido ningún comunicado da Fiscalía. Estase traballando no tema da tubaxe en colaboración con Medio Ambiente e cos mariscadores. Hai un plan aprobado que ía realizar a Consellería de Medio Ambiente e agardan que o realicen para mellorar toda a zona dende A Barcala ata o Temple.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pregunta se de Augas de Galicia tampouco hai nada.

O Sr. alcalde responde que de Augas de Galicia hai unha sanción polos vertidos dunhas empresas que pensa están localizadas.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez lembra que o Seprona imputaba uns vertidos a unha comunidade de propietarios, o cal non ten sentido xa que unha comunidade de propietarios non ten nada que verter. O PP ven denunciando dende fai moito tempo que o Concello de Sada vertía ás redes públicas de Cambre sen separar as fecais das pluviais. Di que esa comunicación a fixeron varias veces no concello, e a súa sorpresa foi cando imputaron á comunidade de propietarios do polígono de Espírito Santo. Presentaron un recurso, que foi atendido e agora a responsabilidade trasladouse ao Concello de Cambre. Gustaríalle saber como está agora iso.

O Sr. alcalde responde que nestes momentos non llo pode dicir, pero que se informará cos técnicos e contestaralle á pregunta.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3254 o día 23 de marzo actual, xunto cos rogos.

1ª Ten previsto o goberno local a instalación de medidas de redución de velocidade no contorno do paso de peóns da Ponte de Cela, así como a instalación de pasos de peóns protexidos nas proximidades do cruceiro de Pravio, tal como ven sendo reclamado insistentemente, tanto por veciños e usuarios da senda fluvial como por representantes cidadáns?

O Sr. alcalde contesta que estiveron no concello técnicos da Deputación, e falaron da posibilidade de facer algo na ponte. Eses técnicos non son moi partidarios de facer nada, pero el propuxo poñer un sinal ou unhas bandas rugosas onde está o paso de peóns. Non sabe se o farán porque trátase dunha estrada da Deputación, pero pensa que sería bo poñelo, por iso, se os autorizan, di que o porán aínda que sexa eles.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que co uso da senda fluvial o certo é que alí pasa moita xente. Non sabe cal é o mellor medio técnico, pero cre que algún hai que usar, porque os vehículos pasan a moitísima velocidade e simplemente cos sinais de aviso non chega. Polos resultados que se están a ver, parece que o método de bandas rugosas é eficaz, pero en todo caso eles non van dicir cal é tecnicamente a mellor solución, o que si van dicir é que insistan porque hai necesidade de facelo, porque a xente de Pravio e a asociación de veciños o veñen reclamando dende fai tempo.

Continúa dicindo que, por outra banda, quere lembrar que o paso que se instalou en Amil necesitaría dunha certa sinalización, porque o paso de peóns xurde de repente e pode resultar máis perigoso que beneficioso.

O Sr. alcalde di que xa hai sinalización.

O Sr. Iglesias Oviedo responde que só xusto ao chegar, e parécelle que debería haber algún aviso previo para que a xente se derá conta.

O Sr. alcalde di que o comprobará, trátase dunha obra que fixo Deputación, pero pensa que xa hai algunha sinal, unha polo menos no camiño que vai para Amil.

2ª Nos últimos anos diferentes temporais ou enfermidades teñen acabado con algúns exemplares arbóreos senlleiros no parque da Pz. Europa de Cambre. Ten o goberno municipal a previsión de repoboar con exemplares nobres estas perdas?

O Sr. alcalde contesta que, aínda que é un tema da concelleira de Medio Ambiente que hoxe está ausente, el pensa que xa tivo algunha conversa para ver con que tipo de árbores se podería repoboar a zona. A idea non é meter moitos árbores, só un ou dous axeitados. En todo caso sabe que a concelleira está no tema, e informará deste asunto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que saben que os temporais non son culpa do goberno, pero di que estaría ben que se corrixiran as súas consecuencias.

3ª Cal é exactamente o problema de espazo do que ten falado a concelleira de Servizos Sociais nos medios de comunicación e cal é a falta de previsión do BNG á que se refire?

Dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada da área de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, contesta que esas manifestacións baséanse no propio balance que o BNG presenta no seu programa electoral, no que din que ían aumentar persoal como consecuencia da demanda que hai no departamento de Asuntos Sociais, e polo aumento de poboación que sufriu Cambre dende maio de 2006 ata as datas de agora, que son uns 1000 habitantes, así como polo incremento das persoas que van asistir, motivado na crise e polo aumento de programas que se están a realizar. Por toda esta acumulación de tarefas houbo que contratar dúas educadoras sociais.

Nas oficinas do departamento había 7 despachos, e cando ela chegou ao departamento cada educador e traballadora social contaba cun despacho. Comparte co BNG que hai que preservar a privacidade dos usuarios. A día de hoxe hai 3 educadores sociais, 3 traballadoras sociais, 1 coordinadora, e todos os despachos están ocupados. Di que é verdade que á entrada hai tres mesas baleiras, pero en momentos puntuais tamén están alí os profesionais pertencentes ao Consorcio das Mariñas, que prestan os servizos de asesoría xurídica, así como o gabinete de inserción socio-laboral. Toda esta xente ten que estar nunha sala de reunións, e cando ten que facer algún tipo de consulta, chamada telefónica, ou consultar algo no ordenador, teñen que desprazarse ás mesas da entrada.

Continúa dicindo que no programa electoral que o BNG presentaba dicía que no ano 2007 incrementarían o persoal do departamento de Asuntos Sociais. Tamén dicía o programa que co servizo de axuda no fogar no 2007 se atendía a 69 fogares, no 2008 están atendendo 109 fogares; en teleasistencia domiciliaria pasaron de 35 a 76 usuarios; no comedor sobre rodas había 30 usuarios, agora hai 57; no transporte adaptado no 2006 había 21 persoas, no 2008 teñen 40 usuarios; en actividades sociais o BNG pechou o seu balance positivo coa participación de 1200 persoas, e no ano 2008 están pechando con 5391 persoas, un total do 22% da poboación de Cambre.

Insiste en que o problema que hai é que cada educador e traballador social precisa dun despacho individual para preservar a privacidade das persoas que acuden ao servizo. Di que

tamén é certo que o coordinador en funcións que estaba nese momento lle informou que xa quedara preparado un tabique para poder tiralo e aumentar as dependencias cara a outro local anexo.

Conclúe dicindo que quere pedir a todas as forzas que apoiem que se provisione unha partida para poder aumentar o departamento de Asuntos Sociais, sobre todo tendo en conta que Cambre segue a crecer e a situación crítica dos usuarios dos servizos sociais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que a explicación da concelleira foi moi longa, pero pouco comprensible. Non sabe se o que está a dicir é que o BNG non cumpriu o programa electoral, porque lémbrale que non son eles os que están gobernando. Eles o que teñen que facer é esixir que se cumpran as cuestións que consideran xustas e boas para a xente, pero quen o ten que facer é o goberno. Dille que o que non pode facer a concelleira é inventar cousa, e inimigos para así saír nos medios de comunicación. Di que non son de recibo as cousas que a concelleira anda a dicir.

Pregunta cal foi a falta de previsión do BNG, porque cando no 2003 eles se fixeron cargo dos Servizos Sociais municipais só había 50 m<sup>2</sup> que, ademais, eran compartidos por un montón de servizos. Cando a concelleira do PSOE asumiu o cargo contaba con máis de 250 m<sup>2</sup> que, ademais, están pegados a un centro socio-cultural que está completamente vacío polas mañás, e que ten tres despachos, unha sala de reunións e un salón de actos, e que poden usalo para o que queiran porque iso foi previsión do BNG. Di que fixeron un centro de Servizos Sociais que non existía no concello, ben dotado, con despachos, e unido a un centro social que perfectamente se pode usar en horario de mañá porque non ten ningún outro uso, e aínda que xa sabía iso, di que pediu un informe á Concellería de Cultura que lle foi entregado o día 17 deste mes, e no que se di que polas mañás ese centro non ten ningún uso.

Continúa dicindo que tamén en previsión dese crecemento foi polo que se dispuxo ese tabique do que falou a concelleira, para ampliar cara aos baixos municipais que ten pegados o departamento. Precisamente por iso, a actual sala de reunións se pode converter nun corredor de acceso a outros 300 m<sup>2</sup>.

Dille á concelleira que ela xa leva xestionando o servizo case dous anos, así que a falta de previsión debe de ser súa. Pregúntalle que decisións tomou para corrixir esa suposta falta de espazo, suposta porque non é tal, non existe. Dille que se non ocupara con amigas súas determinadas mesas, entón tería máis sitio para os traballadores. Que o único do que se

pode vanagloriar nestes dous anos é de ampliar os bailes da terceira idade, que de facerse unha vez cada 15 días, pasaron a catro veces ao mes. Puxo en marcha unha actividade, a de hipoterapia, que xa a deixou encamiñada o anterior goberno, e ademais diso, dalle de comer case gratis a 600 ou 700 persoas unha vez ao ano nunha festa. Pero todo o demais que fixo foi xestionar servizos que xa estaban en marcha do goberno anterior, e que foron responsabilidade do BNG, e dos cales están moi orgullosos.

Dille que recibiu un regalo estupendo que calquera responsable político se vería encantado de ter nas súas mans, para melloralo, para coidalo, e para que fora crecendo, esa foi a previsión que houbo, non para estropealo, non para enredar e crear un ambiente laboral insoportable entre os funcionarios, non para facer favores aos seus amigos. Sinala que xa nalguna ocasión xa o faláron e van a ter outra vez a oportunidade de falar de como xestiona a concelleira os Servizos Sociais de Cambre, porque van a pedir unha comparecencia nun pleno, para ter unha sesión longa e concreta, na que se traten todos os asuntos. Xa lle dixo nunha ocasión que está case a punto de acabar cunha das mellores cousas que tiña o concello, que era o voluntariado municipal, acabou xa coas mellores persoas, fai listas negras, e non contenta con todo iso sacou unhas declaracións de que tiña que irse para unha mesa coas auxiliares administrativas pola falta de previsión do BNG. Dixo cousas tan curiosas como que os despachos tiñan nome e apelidos.

Dona Carmen Tato Lago dille que si que o tiñan, e que en moitos deles non caben nin as cadeiras de rodas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que como en todas as empresas e institucións nas que na porta dos despachos figura o cargo e o nome da persoa que o ocupa, ese é o único nome e apelidos que tiñan, pero a concelleira, dentro das súas atribucións pode cambiar o que queira, ninguén lle vai dicir nada por iso. O que si hai que ser un pouco rigorosos e serios porque os Servizos Sociais son unha cousa na que se debe traballar pero da que non se debe falar. Volve dicir que a concelleira recibiu unha das mellores cousas que se fixeron na pasada lexislatura no concello e está a estropeala. Non merece xestionar ese servizo, pero que de todo iso van ter tempo de falar.

Conclúe dicindo que, en todo caso, a concelleira non é a única responsable. O BNG xa ten anunciado e falado de varias cuestións que eran irregulares, e van a falar de máis, pero hai outro responsable político que debería ter parado estas cousas, pero que está a consentir que pasen.

4ª O non cumprimento das tramitacións referidas á subvención da Consellería de Presidencia para a reforma da casa do concello deu lugar á perda da máis de 500.000€ Poden explicar as causas desta perda e se hai iniciado algún procedemento para recuperala?

Dáse por contestada.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3207 o día 21 de marzo actual, xunto coas mocións e as preguntas.

1ª En escritos e iniciativas plenarias o noso grupo amosou en diversas ocasións a preocupación polo deficiente estado da rúa Francisco Añón, considera o noso grupo unha tomadura de pelo por parte da responsable da área de Obras e Servizos, que a día de hoxe, ante os incumprimentos reiterados das promesas, a mencionada rúa siga amosando un estado lamentable para a circulación de persoas e vehículos e un desprezo ante a falta de interese e desconsideración aos veciños/as que están sufrindo o problema.

O noso grupo solicita se nos informe das actuacións adoptadas para corrixir os problemas e que medidas se tomaron para dar cumprimento á Ordenanza municipal de limpeza e ornato público, en vixencia no concello.

Contestará a concelleira responsable por escrito.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, manifesta que están a falar dunha rúa que está feita un espantallo. Trátase dunha rúa pola que circula moita xente, coches, hai un perigo real, e desexa que rematen pronto as obras e non pase nada, para non ter que lamentar nada, porque é cando pasan as desgrazas cando se dan conta das cousas, como pasou por exemplo na Coruña onde tivo que caer un valo para que agora aparezan centos deles que están mal. Roga que se tome en consideración esta situación e que se faga algo.

2ª O pasado día 21 de marzo celebrouse o día Forestal Mundial, o noso grupo non tivo coñecemento de ningunha iniciativa por parte do concello da celebración de ningún acto encamiñado a promover valores de respecto á natureza e o indispensable papel das árbores no mantemento do ecosistema. Tampouco se levaron a cabo actos sobre a recuperación e celebración no concello da festa tradicional do “Día da árbore”.

Cales foron os motivos para non realizar ningún acto na dita data?

Contestará a concelleira responsable por escrito.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro do EU-IU, di que quere lembrar que no pasado ano, o seu grupo solicitou no pleno que en Cambre se volviera institucionalizar o “Día da árbore”, a concelleira de Medio Ambiente aceptou ese rogo, e agora pasado un ano non se fixo nada, e iso é culpa do grupo de goberno ao completo. Hai unha desidia total do grupo de goberno, pode contar decenas de rogos e preguntas que se lle aprobaron ao seu grupo e que non se levaron a cabo. Pídelle ao goberno municipal que se preocupen un pouco máis de cumprir o que aproban.

3ª En próximas datas está previsto poñer en funcionamento unha feira-mercado no Temple e outra na Barcala, as previsións do goberno local é contar con cincuenta postos de venta, que deberá contar cos servizos básicos para un desenvolvemento nas mellores condicións, tanto para os vendedores como para as persoas que acudan á feria.

O noso grupo na idea de previsión dos medios necesarios para o desenvolvemento das actividades, fai as seguintes preguntas:

1. Cales son os medios e servizos que prestará o concello?
2. Que aparcamentos ten pensado habilitar no Temple e en Cambre?
3. Cales son as previsións para a recollida do lixo e a limpeza viaria ao remate da feira?
4. Tense estudado as consecuencias para o tráfico e seguridade viaria a ampliación da feira en Cambre na praza Enrique Piñeiro e na rúa paralela?

Don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, fai entrega dun informe en resposta a todas esas preguntas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que quere deixar claro que o seu grupo non se opón á celebración de ningún destes mercados, todo o contrario, están pola dinamización da feira de Cambre e dos mercados que se queiran instalar, pero a xente está preocupada por cousas como onde vai poder aparcar, ou o colapso de tráfico que se poida producir.

Don José Venancio Salcines Cristal explica que no tema da feira teñen aberta unha liña de diálogo cos comerciantes, e posiblemente haxa uns cambios menores nalgúns temas. No tema do aparcamento os comerciantes do Temple solicitaron que se modificase o día de celebración, e que pasase do venres ao sábado pola tarde, porque habería menos problemas para aparcarse.

Un caso diferente é o de Cambre. Aos comerciantes desa zona tamén lles interesa que a feira se extenda un pouco máis, porque parte dos negocios que hai ao outro lado da estrada non perciben o beneficio da feira. É fundamental que non só os vendedores que poñen postos na feira se vexan beneficiados, tamén deben beneficiarse os comerciantes de Cambre, como pasa, por exemplo, en Sada, onde con ocasión da feira se move todo o comercio da zona. Para lograr iso o único que poden facer é ampliar a feira cara á esa zona. É certo que pode presentar algún problema de aparcamento, pero non poden deixar de facelo. Na nova zona van a situarse postos pequenos, non van entrar camiións e vehículos, pero consideran que é necesario, e tamén é unha reivindicación que fan os comerciantes desa zona.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que respecto do tema do aparcamento, máis ou menos contestaron á pregunta, pero di que cando el se refería a servizos, estaba a falar tamén de que co incremento de participantes van a necesitar que se instalen aseos e auga potable, vai ser algo imprescindible. Tampouco lle contestaron á pregunta de que vai pasar coa limpeza ao remate da feira. Moi importante tamén é o tema de que, ao ampliar a zona á praza Enrique Piñeiro, o continuo tráfico de persoas dun lado ao outro da estrada, polo paso de peóns, vai colapsar o tráfico, porque xa se viu que pasou iso durante as festas de Cambre. Pensa que todas esas cousas hai que prevelas, non están para nada en contra, pero hai que facelo ben e racionalmente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia